A pandemia de gripe en Narón en 1918



UNIDADE DIDÁCTICA

HISTORIA CONTEMPORÁNEA



Enrique Barrera

A pandemia de gripe en Narón en 1918

1ª edición: novembro 2018
Depósito Legal: C 2003-2018

A pandemia de gripe en Narón en 1918



UNIDADE DIDÁCTICA

HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Asociación Memoria Histórica Democrática

O Concello de Narón colabora nunha nova iniciativa da Asociación Memoria Histórica Democrática para dar a coñecer unha parte da historia mundial á que non foi allea a nosa cidade. A finais da Primeira Guerra Mundial, concretamente no ano 1918, unha mortífera cepa de virus da gripe matou a decenas de millóns de persoas en todo o mundo. Anciáns e menores foron vítimas dunha devastadora praga letal que en Narón se cobrou tamén varias vidas.

Con motivo do centenario deste suceso o historiador Enrique Barrera Beitia, integrante da Asociación Memoria Histórica Democrática, aglutina nesta publicación uns datos que reflicten a incidencia na nosa cidade e comarca desta etapa. Co fin de manter viva a nosa historia e de coñecer máis en profundidade o acontecido, desde o Concello felicitamos ao autor deste traballo e, por extensión, á Asociación Memoria Histórica Democrática, polo seu incansable labor a prol da nosa historia e, neste caso, por ofrecer tamén un interesante apartado formativo dirixido aos escolares de Narón.

Marián Ferreiro Díaz
Alcaldesa de Narón

Saúdo da Asociación Memoria Histórica Democrática

Para a Asociación da Memoria Histórica Democrática é un grande honor colaborar co Concello de Narón. Foi aquí onde celebramos en 2003 o Primeiro Congreso da Memoria, e sempre atopamos unha gran receptividade para as nosas iniciativas. Nesta ocasión, volvemos colaborar rescatando da historia un acontecemento tráxico non só para Narón, senón para todo o planeta: a pandemia de gripe de 1918, que matou a máis de 80.000.000 de persoas. Nunca tanta xente morreu en tan pouco tempo.

Esta pandemia provocou no noso concello, que entón rozaba os 11.000 habitantes, 99 falecementos en outubro, poñendo ao descuberto a ausencia absoluta dunha estratexia sanitaria. O noso compañeiro da asociación, Enrique Barrera Beitia, recolle no seu traballo as circunstancias, causas e consecuencias en que se desenvolveu esta catástrofe, da que este ano cumprimos o primeiro centenario.

Esperamos e desexamos que a comunidade educativa de Narón atope interesante coñecer todos estes feitos, e que os docentes atopen unha ferramenta de traballo didáctico. Un saúdo a todos.

Manuel Agustín Fernández Pita
Presidente da Asociación Memoria Histórica Democrática

A pandemia de gripe en Narón en 1918

CONTEXTO ESTATAL

En 1900 a esperanza de vida da poboación española ao nacer estaba en torno aos 35 anos, en 1910 subiu ata os 41, e para 1930 era xa de 50. A partir de 1931 promoveuse un maior consumo de peixe (especialmente bacallau), fixéronse moitas campañas a favor dunha dieta equilibrada e púxose moita énfase na hixiene infantil, acadándose unha expectativa vital de 55 anos, e principiando unha transición demográfica cara a un modelo no que baixaban compasadamente a mortalidade e a natalidade. O estalido da Guerra Civil bloqueouno.

Nestas décadas diminuíron as mortes causadas por enfermidades infecciosas (bronquite, tuberculose, tifo, febres tifoideas, gripe, varíola, sarampelo, etc), aínda que seguían sendo as responsables do maior número de defuncións. Morría pouca xente de cancro e de enfermidades cardiovasculares, xa que a primeira se asocia cunha idade avanzada e a segunda coa vida sedentaria e o sobrepeso. Como a dieta consistía basicamente en produtos de tempada, a poboación estaba mellor alimentada na primavera e verán, e a mortalidade aumentaba no outono e inverno.

As rexións do norte (Asturias, Galicia, País Vasco e Cantabria) tiñan unha supervivencia infantil máis elevada que no resto de España, debido ao maior consumo de leite e a que as variacións das temperaturas, como corresponde a un clima oceánico, eran menores que nas variantes continental e litoral do clima mediterráneo.

35 anos
era a esperanza de vida da poboación española en 1900

Debido ás campañas de promoción do consumo de peixe e a mellora na hixiene infantil a partir de 1931, aumentou considerablemente a esperanza de vida ata chegar aos 55. A Guerra Civil bloqueou esa mellora.



Diminuíron moito as enfermidades infecciosas aínda que seguían a ser as responsables do maior número de defuncións. Debido á estacionalidade da dieta, a mortalidade aumentaba moito nos meses de outono e inverno, onde a inxesta era de peor calidade.

O prezo do pan, alimento moito máis importante entón que na actualidade, era maior nestas rexións que no interior pero ao mesmo tempo máis estable, e compensábase comendo pan de millo.



Freixeiro. En 1918


"Narón era un concello cun hábitat moi disperso"

68%
aumentou a poboación de Narón en 30 anos, desde 1900 a 1930.

A poboación de Narón contaba nos anos 30 con só dous médicos e non tiña hospitais.

Narón, que pasou de 8.333 habitantes no ano 1900 a 12.278 en 1930, contaba con só dous médicos para atender a súa poboación e non tiña hospitais, pero ao ser un concello rural e ter moi dispersa a súa poboación, a contaminación das augas subterráneas e a provocada polos pozos negros era menor que nos barrios urbanos de Ferrol. Isto traducirase nunha menor taxa de mortalidade e nun maior crecemento vexetativo da poboación, como podemos ver na gráfica 1.

COMPARACIÓN DAS TAXAS DE MORTALIDADE DE FERROL E NARÓN
(FONTE: ELABORACIÓN PROPIA)



Gráfica 1. No primeiro terzo do século XX, a mortalidade en Narón era menor que no veciño concello de Ferrol.

A NATALIDADE E A MORTALIDADE EN NARÓN

Entre 1900 e 1935 houbo 9.892 nacementos en Narón e 6.725 defuncións, arroxando un saldo positivo de 3.167 individuos. Como a poboación neses trinta anos medrou en 3.945 persoas, temos que convir que o saldo migratorio foi positivo e a poboación aumentou por encima do seu crecemento vexetativo en 778 habitantes.

A partir de 1914, cando se inicia a Gran Guerra, e ata 1930 a natalidade en Narón permaneceu estable.

	Nacementos	Defuncións	Crecemento	Censo de Narón	
1900-1910	3.259	1.952	+ 1.307	1900	8.333
1910-1920	2.872	1.934	+ 938	1910	9.562
1920-1930	2.326	1.902	+ 424	1920	11.160
1930-1935	1.435	937	+ 498	1930	12.278
				1940	13.319
TOTAL	**9.892**	**6.725**	**+ 3.167**		

Se nos fixamos na gráfica 2, veremos que a mediados da primeira década a natalidade descendeu desde taxas moi elevadas (40 ‰) ata o 27/30 por ‰ a partir de 1914, cando se inicia a Gran Guerra. Entre esta data e 1930, mantense estable.



Gráfica 2. Evolución das taxas de natalidade e mortalidade en Narón, entre 1900 e 1935 en ‰.

En canto á taxa de mortalidade, xa nos primeiros anos do século descendeu lentamente ata estabilizarse entre o 15 e o 20 por ‰ entre 1905 e 1930, con frecuentes altibaixos e coa

75%
dos españois durante os anos da Primeira Guerra Mundial comían só o suficiente para sobrevivir.

A mal chamada gripe española procedía de feito dos Estados Unidos. Trouxérona os seus soldados a Europa durante a Gran Guerra.

En principio era unha gripe benigna ata que o virus sufriu unha mutación.

Estendeuse rapidamente e crese que chegou a Ferrol a través dos recrutas que facían o servizo militar.

notable excepción da epidemia de gripe de 1918. En 1935 obtívose o incrible rexistro de só 126 falecidos, nin máis nin menos que un 9.3 ‰. Son cifras mellores que a media estatal e, desde logo, mellores que as de Ferrol (gráfica 3).



Gráfica 3. No primeiro terzo do século, a mortalidade en Narón era menor que en España

A EPIDEMIA DE GRIPE EN NARÓN (1918)

A denominada gripe española trouxérona a Europa os soldados estadounidenses. Era unha gripe benigna convencional que chegou a España a través de traballadores portugueses que regresaban ao seu país. O grave foi que ese virus sufriu unha mutación. Os recrutas que chegaron a Ferrol para cumprir o servizo militar trouxeron a enfermidade, que se estendeu rapidamente entre a tropa debido a que compartían espazos pechados e viñan na súa maioría desnutridos. A Primeira Guerra Mundial provocara un encarecemento dos alimentos básicos, e podemos calcular que o 75% dos españois comían só o suficiente para sobrevivir. De feito, engordaban no servizo militar.

Como é natural, a gripe estendeuse desde Ferrol ata os concellos limítrofes (gráficas 4 e 5). As autoridades ferrolás non souberon ver o que se viña encima. Creron que tería un carácter benigno e cando reaccionaron, fixérono tarde e mal.

Nesta época non había medicamentos eficaces contra a gripe, que é unha infección vírica, e non bacteriana. Á falta de vacinas, a mellor receita era e é gardar cama nunha habitación aireada e limpa. Receitábase quinina, aspirina e salipirina (precedente da aspirina) para baixar a febre, e as solucións de eucalipto para aliviar as fosas nasais. Nalgunhas cidades (non era o caso de Narón) empregouse soro antidiftérico equino, aínda que non era un recurso específico. A confusión entre gripe e arrefriado levou a moitas persoas a abusar do consumo de coñac ou brandy.

Nesa época non había medicamentos eficaces contra esta enfermidade.

Receitábase quinina, aspirina e salpirina (precedente da aspirina) e solucións de eucalipto para aliviar os síntomas.

A confusión entre gripe e arrefriado levou a moitas persoas a abusar do consumo de alcohol, que era un remedio que entón se utilizaba contra o malestar dos arrefriados.





Gráficas 4 e 5. Comparando Ferrol (arriba) e Narón (abaixo), apréciase que o contaxio empezou antes en Ferrol, e rematou máis tarde en Narón.

Algunhas das medidas que as autoridades tomaron para evitar a propagación da enfermidade foron: suspender as clases, os bailes e, polo xeral, calquera actividade que se desenvolvese en lugares pechados.

Paradoxicamente, os oficios relixiosos non foron suspendidos senón que os clérigos organizaban rosarios, misas, procesións, etc., para pedir a fin da epidemia.

Todas as medidas expostas para evitar a extensión da epidemia non tiveron grande aceptación entre a poboación e as autoridades limitábanse a emitir bandos sen controlar a súa posta en marcha.



Fábrica de Xuvia. A gripe de 1918 tivo lugar tras unha grave crise de subsistencias, debido a que case todos os produtos alimenticios se exportaban a Francia e Reino Unido, que loitaban na Gran Guerra.

As medidas profilácticas para controlar a propagación da gripe pasaban por suspender as clases, os bailes e en xeral calquera actividade que favorecese a aglomeración humana en espazos pechados. Había que pechar casas urbanas sen conectar coa rede de sumidoiros (e polo tanto con pozos negros) e desinfectar certas dependencias municipais. Con todo, os oficios relixiosos non só non foron suspendidos, senón que os clérigos organizaron rosarios, misas, rogativas e procesións para pedir a fin da epidemia. Deste xeito, estenderon o contaxio.

Ademais, a poboación debía: evitar chuspir no chan; botar sulfato de cobre ou leitada de cal nos retretes unha vez usados; lavar o chan con desinfectantes; desinfectar a roupa antes de lavala; prohibir as visitas; non transitar con carros con esterco; etc. Eran costumes cotiáns difíciles de evitar, e novas rutinas de comportamento que carrexaban un maior gasto económico.

DESIDIA MUNICIPAL

En xeral, nin as autoridades nin a poboación cumpriron con estas premisas. Os alcaldes limitábanse a ditar bandos que reproducían as ordes recibidas desde o goberno civil, pero ou ben non tiñan os recursos

necesarios para aplicalas, ou ben fixeron deixamento das súas obrigacións. O Correo Galego, periódico que nesas datas se editaba en Ferrol, criticou duramente ás autoridades de Valdoviño e Narón porque non aplicaron ningunha (ou case ningunha) medida preventiva.

A crítica era xusta, porque a primeira vez que a Corporación de Narón presidida por Manuel Nieto Prieto celebrou un pleno extraordinario "para adoptar os medios máis eficaces para combater a epidemia reinante" foi o 19 de outubro, vinte e dous días despois de que aparecese o primeiro caso. Nesa data, o médico titular do segundo distrito Francisco Cebreiros Picos, morrera contaxiado pola epidemia. Tamén se acordou reclamar ao gobernador civil, o envío de desinfectantes e medicamentos.

Nunha nova sesión celebrada o 29 de outubro notificouse que o médico substituto do 2º distrito, Anxo Pedreira, tamén contraera a enfermidade e estaba en cama. Aprobouse unha lista de pobres para que puidesen recibir asistencia médica gratuíta. O 12 de novembro, noutra sesión plenaria, acordouse "a proposta da Xunta Local de Sanidade, proceder á reapertura de todas as escolas nacionais".

Estas son todas as xuntanzas que considerou oportuno realizar a Corporación municipal. Como secuela da epidemia e con certa división interna entre os concelleiros, o 17 de decembro de 1918 decidiuse contratar como médico a Marcelino Álvarez Cabanas, "cun soldo bruto de 1.500 pesetas e coa obrigación de prestar asistencia médica gratuíta ás persoas do segundo distrito, que comprende as parroquias de Castro, Xuvia, Trasancos e O Val", e o 19 de novembro, á vista da situación en que quedou a viúva do médico Francisco Cebreiro Picos, acordouse "entregarlle o soldo que tiña asignada a praza dun dos dous médicos do municipio, desde o día do seu falecemento ata o día en que se faga cargo da praza interinamente D. Marcelino Álvarez".

A prensa do momento foi moi crítica co escaso celo das autoridades á hora de afrontar a epidemia.

A causa das críticas, o entón alcalde de Narón, Manuel Nieto Prieto, celebrou un pleno extraordinario para adoptar medios eficaces para combater a epidemia.

O mesmo día do pleno extraordinario, o 19 de outubro, morría o médico titular do segundo distrito, Francisco Cebreiros Picos, contaxiado pola epidemia.

Tamén caeu contaxiado posteriormente o substituto do médico falecido

Aprobouse unha lista de pobres para que puidesen recibir asistencia médica gratuíta.

A revolta das pedras

O 13 de marzo do ano 1918 e coincidindo co día da feira do Trece en Sedes, prodúcese unha revolta veciñal diante da casa do alcalde Juan Fernández, para protestar polo abusivo prezo do pan (unha libra de pan custaba 0.40 céntimos, equivalentes a 15 euros). Tamén existía descontento polos desproporcionados impostos fixados polo Concello (un labrego pagaba corenta veces máis que un propietario dun comercio), á parte doutras inxustizas. A Garda Civil disparou contra os manifestantes provocando seis mortos e varios feridos. Os días anteriores apedráronse nove comercios e a casa do alcalde de Neda, Manuel Vidal.

unha libra de pan custaba 0.40 céntimos, equivalentes a 15 euros



Monumento conmemorativo da revolta das pedras en Sedes

48.043 era o escaso orzamento do que dispoñía o Concello de Narón en 1918.

Antonio Rodríguez Martínez, un labrador de Xuvia de 32 anos, foi o primeiro naronés en falecer oficialmente pola epidemia de gripe.

Certamente, o Concello tiña un orzamento raquítico en 1918, como podemos comprobar neste resumo, pero iso evidenciaba o escaso interese dos caciques que se viñan aquendando no goberno local, para facer avanzar a sociedade naronesa. Ademais, o precedente da "revolta das pedras" (ver cadro) visualizara a falta de sensibilidade social dos gobernantes.

ORZAMENTO DE 1918 EN NARÓN	
Gastos xerais do Concello	13.400
Policía	250
Instrución pública	2.000
Beneficencia	105
Obras pública	5.250
Corrección pública	2.272
Montes	30
Obrigas	24.625
Imprevistos	150
TOTAL	**48.043**

O primeiro veciño de Narón que morreu oficialmente pola epidemia de gripe é Antonio Rodríguez Martínez, un labrador de Xuvia de 32 anos, e o seu falecemento ocorre

o 28 de setembro. Ao producirse catorce días despois do primeiro caso coñecido no Hospital de Mariña de Ferrol, que é un período de tempo excesivo, é probable que antes houbese outras mortes clasificadas baixo outras causas.

Temos que diferenciar entre as morte directamente ocasionada pola gripe (22 no libro de defuncións do Rexistro Municipal) e mortes indirectas (77), é dicir, a daquelas persoas nas que a gripe acentúa outro tipo de problema sanitario que xa existía. Este sería o cadro:

Gripe	23
Broncopneumonía	5
Pneumonía gripal	33
Bronquite crónica	3
Broncopneumonía gripal	25
Bronquite	2
Bronquite capilar	6
Pneumonía	2
TOTAL	**99**

Todos os falecidos son labregos, salvo tres industriais e dous carpinteiros, e a súa distribución territorial é a seguinte:

Xuvia	22
San Mateo	10
Narón	10
Pedroso	9
O Val	16
Sedes	5
Castro	12
Doso	4
A Gándara	1
TOTAL	**99**

En anos normais, os falecementos relacionados directa ou indirectamente coa gripe, oscilaban entre os 26 de 1914 e os 49 de 1920. Relacionadas con infeccións a través do

22
mortes
constan oficialmente no libro de defuncións do Rexistro Municipal, directamente achacadas á gripe

Houbo 77 mortes máis relacionadas coa epidemia.

0,9%

foi a taxa de falecidos pola epidemia en 1918 en Narón. Foi unha taxa sensiblemente inferior á media estatal e provincial que estaba próxima ao 1,30%.

Poido ter axudado o carácter rural do concello a que a taxa de mortes fose máis baixa que nas aglomeracións urbanas máis grandes debido á dispersión da súa poboación.

En 1920 houbo unha segunda epidemia de gripe que, esta vez, afectoulles aos menores de dous anos.

aire e da auga, así como outras relacionadas con malas condicións sanitarias, en 1914 houbo vinte e dúas mortes por tuberculose, dezaseis por enterite, dez por debilidade conxénita, sete por tose ferina, cinco por debilidade conxénita, e tres por septicemia de parto. En 1920, houbo vinte e un mortos por enterite, dez por varíola (o brote naceu no Val e estendeuse ás parroquias veciñas), outros dez por tuberculose, oito por febres tifoideas, oito por debilidade conxénita, e catro por raquitismo.

Narón rozaba os 11.000 habitantes en 1918, polo que os 99 falecidos pola epidemia de gripe, supuxeron un 0.9 % de mortalidade, inferior á media estatal e provincial, que foi en ambos casos ao redor do 1.27%. Se pensamos que as autoridades locais non estiveron demasiado acertadas, sorprende que a mortalidade non sexa maior. Unha explicación podería ser como diximos anteriormente, que o hábitat naronés era moi rural, e polo tanto as aglomeracións humanas eran menores que nas cidades, como A Coruña, Santiago ou Ferrol.

TERCEIRA ONDA DA PANDEMIA?

A pandemia gripal tivo unha terceira onda, no inverno de 1920. Esta vez, o virus H1N1 atacou aos menores de dous anos que eran os que non adquiriran anticorpos. Como explicamos antes, ese ano houbo 49 casos de falecementos en Narón asociados a procesos gripais (pneumonías, broncopneumonías, etc) dos que 21 corresponden a menores de dous anos e están espazados no tempo (7 en decembro, 4 en setembro, 3 en febreiro, e un caso en cada un dos demais meses). Polo tanto, os datos non son concluíntes para que poidamos afirmar que a cuarta onda estivese presente en Narón.


NARÓN

